

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

*RESOLUCIÓN do 30 de outubro de 2020, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR803D).*

Conforme o establecido no artigo 24 da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria, unha vez ultimada a concesión de axudas, publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas, con indicación das entidades beneficiarias, a finalidade, o país de execución do proxecto e o importe das axudas concedidas.

De acordo co establecido no artigo único do punto 3 desta orde, as cantidades inicialmente asignadas a cada aplicación orzamentaria do capítulo IV e do capítulo VII por cada liña de subvención teñen carácter estimativo e a súa determinación definitiva será a que resulte das resolucións de concesión que se diten ao abeiro desta orde.

Con base no informe da comisión avaliadora recollido na acta do 18 de maio de 2020 e de acordo co sinalado no citado artigo único do punto 3 da orde da convocatoria, realizáronse as preceptivas modificacións orzamentarias. A modificación na distribución entre créditos orzamentarios foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 112, do 10 de xuño de 2020.

Na súa virtude,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas por Resolución do director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea do 12 de xuño de 2020, de conformi-



dade coa Orde do 23 de decembro de 2019 (DOG núm. 8, do 14 de xaneiro de 2020) para a execución de:

– 24 proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior para ser executados polas organizacións non gobernamentais de cooperación ao desenvolvemento (ONGD), por un importe total de catro millóns cento trinta e oito mil oitocentos cincuenta e un euros con corenta céntimos (4.138.851,40 €), cuxa distribución corresponde aos beneficiarios, contías e aplicacións orzamentarias que se relacionan no anexo I.

– 2 proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior para ser executados polos outros axentes de cooperación (universidades, sindicatos, empresas ou organizacións empresariais e comunidades galegas no exterior) por un importe total de trescentos trinta e cinco mil catrocentos sesenta e tres euros (335.463,00 €), cuxa distribución corresponde aos beneficiarios, contías e aplicacións orzamentarias que se relacionan no anexo II.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020

Jesús Gamallo Aller  
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea





ANEXO I

Axudas para proxectos de cooperación no exterior das ONGD

Nº expte. PR803D	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Orzamento total	Subvención concedida						
				Subvención concedida total	Anualidade 2020			Anualidade 2021		
					Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2020	Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2021
2020/11	Arquitectura sen Fronteiras	Proxecto Te Chwinqlal (para a vida) para a garantía das condicións esenciais de gobernanza, planificación territorial e resiliencia da Comunidade Mam Cajolá, formada por 267 familias indíxenas, na súa maioría mulleres nais solteiras e viúvas, recentemente recolocadas no municipio de Champerico, Retalhuleu, Guatemala	192.249,60	174.950,00	56.622,75	13.357,25	69.980,00	55.746,25	49.223,75	104.970,00
2020/46	Arquitectura sen Fronteiras agrupada con Proyde	Proxecto Qoklen toj xnaq'tzb'il (valor á educación) de mellora das condicións de 6 escolas de educación primaria e preprimaria e un Centro de Recursos para a Educación Inclusiva, para proporcionar educación inclusiva de calidade ao alumnado con necesidades educativas especiais, con enfoque de xénero e interculturalidade, no municipio de Champerico, Retalhuleu. Guatemala	351.472,50	224.975,00	52.790,00	37.200,00	89.990,00	125.436,75	9.548,25	134.985,00
2020/5	Manos Unidas	Xestión de ecosistemas e riscos climáticos con enfoque de xénero en comunidades campesíñas e nativas de 3 microconcas de Junín e Huancavelica. Perú	536.847,84	175.000,00	64.767,84	5.232,16	70.000,00	85.405,41	19.594,59	105.000,00
2020/51	Asamblea de Cooperación pola Paz agrupada con Agareso	Fortalecer os mecanismos de participación cidadán e acceso a servizos públicos de saúde, de calidade, especialmente da sexual e reprodutiva nos municipios de Jiquilisco e Usulután. El Salvador	241.582,21	225.000,00	86.947,03	3.052,97	90.000,00	133.007,15	1.992,85	135.000,00
2020/16	Fundación InteRed	Mulleres mozas e adultas de San Juan Sacatepéquez con capacidades fortalecidas, enfrontan as violencias machistas e acceden a oportunidades laborais dignas. Guatemala	184.563,49	175.000,00	68.694,00	1.306,00	70.000,00	100.020,00	4.980,00	105.000,00
2020/10	AIDA, Ayuda, Intercambio y Desarrollo	Promover a soberanía alimentaria e actividades económicas sostibles, xestionadas por mulleres, mellorando as cadeas de valor locais para a produción agrícola e marisqueira nas illas de Bolama e Soga. Guinea Bissau	198.706,00	175.000,00	26.852,85	43.147,15	70.000,00	72.251,93	32.748,07	105.000,00



Nº expte. PR803D	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Orzamento total	Subvención concedida						
				Subvención concedida total	Anualidade 2020			Anualidade 2021		
					Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2020	Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2021
2020/9	Solidariedade Internacional de Galicia	Fortalecemento das capacidades das mulleres, nenas e adolescentes para o pleno exercicio dos seus dereitos a unha vida libre de violencias e a medios de vida dignos no eixo La Paz-El Alto-Santa Cruz, Bolivia	211.083,36	174.728,45	58.810,39	11.080,99	69.891,38	96.389,62	8.447,45	104.837,07
2020/41	Farmacéuticos Mundi	Mellora da saúde e nutrición das mulleres en idade fértil e as nenas e nenos menores de 5 anos con enfoque de dereitos, xénero, pertinencia cultural e sosteabilidade ambiental no municipio de Laguna de Perlas, RACCS. Nicaragua	213.325,71	175.000,00	54.947,61	15.052,39	70.000,00	92.523,81	12.476,19	105.000,00
2020/22	Fundación Entreculturas	Adolescentes e mozos quichés de Guatemala exercen o seu dereito a unha educación de calidade que favorece o seu aprendizaxe integral e o desenvolvemento da súa cidadanía desde a equidade de xénero	195.335,52	174.683,45	37.892,45	31.980,93	69.873,38	59.838,72	44.971,35	104.810,07
2020/8	Fundación Fabre	Mellora das condicións para o acceso á educación e á saúde, de xoves migrantes rurais en 18 barrios del Distrito IV do municipio de Sucre-Bolivia	195.951,00	175.000,00	61.366,43	8.633,57	70.000,00	87.805,57	17.194,43	105.000,00
2020/54	Fundación Balms para la Infancia	Incrementada a participación social de mulleres e adolescentes na vida política e pública a través da xeración de dereitos, responsabilidades e obrigas cun enfoque integral de xénero no barrio Santa Lucía e comunidades aledañas asociado a IDI. República Dominicana. Fase III	202.112,44	174.997,91	64.836,65	5.162,51	69.999,16	97.254,98	7.743,77	104.998,75
2020/52	Asamblea de Cooperación pola Paz agrupada con Agareso	Mellora dos mecanismos locais e nacionais dirixidos á atención integral e promoción dos DDHH e dereitos das mulleres, nos municipios de San Cristóbal e Haina, provincia de San Cristóbal, República Dominicana	267.326,03	225.000,00	85.995,37	4.004,63	90.000,00	135.000,00	----	135.000,00
2020/1	Manos Unidas	Mellora das condicións de vida da poboación campesiña de tres municipios das provincias de Azua e San Juan, consolidando a súa seguridade alimentaria mediante a implementación dun sistema produtivo agroecolóxico. República Dominicana	137.582,43	60.000,00	30.000,00	30.000,00	60.000,00	----	----	0,00



Nº expte. PR803D	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Orzamento total	Subvención concedida						
				Subvención concedida total	Anualidade 2020			Anualidade 2021		
					Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2020	Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2021
2020/7	SODEPAZ	Promoción do exercicio efectivo do dereito á enerxía asequible, segura e sostible para comunidades indíxenas Ch'orti' da Rexión VIII do municipio de Jocotán, Chiquimula, Guatemala	77.566,00	59.990,31	31.140,31	28.850,00	59.990,31	----	----	0,00
2020/37	Fundación Fabre	Produción sostible de alimentos nutritivos, en 6 comunidades rurais dos municipios de Tacaná e Tajumulco, San Marcos, Guatemala	206.364,00	175.000,00	48.380,00	21.620,00	70.000,00	76.871,00	28.129,00	105.000,00
2020/17	Fundación Ayuda en Acción	Xeración de oportunidades de acceso ao mercado a produtoras de mel e lácteos en tres municipios do corredor seco de Madriz, Nicaragua	217.056,00	175.000,00	54.267,00	15.733,00	70.000,00	98.841,00	6.159,00	105.000,00
2020/26	Fundación Educación y Cooperación (Educo)	Proxecto de fortalecemento das capacidades de incidencia política e xeración de alternativas produtivas sostibles en mulleres Mayas Mam vinculadas ao sector agropecuario de pequena escala no municipio de Santa Bárbara Huehuetenango. Guatemala	189.500,00	175.000,00	62.494,60	7.505,40	70.000,00	90.170,42	14.829,58	105.000,00
2020/40	Amigos da Terra	Mellora da equidade de xénero coa promoción dos dereitos económicos, sociais, culturais e ambientais, a soberanía alimentaria e os microemprendementos de mulleres rurais en El Corpus, departamento de Choluteca. Honduras	233.820,00	175.000,00	57.915,00	12.085,00	70.000,00	95.370,00	9.630,00	105.000,00
2020/31	Médicos del Mundo	A saúde das mulleres. Acceso a servizos de saúde sexual e reprodutiva eficientes e de calidade promovendo a equidade de xénero, o empoderamento e o exercicio dos dereitos sociais das mulleres para a implementación de políticas públicas en tres municipios do departamento de Santa Cruz, Bolivia	214.450,00	175.000,00	70.000,00	----	70.000,00	105.000,00	----	105.000,00
2020/34	Fundación Taller de Solidaridad	Promoción da economía rural e alternativas de vida dignas e amigables co medio ambiente, desde un enfoque de xénero en desenvolvemento en 2 comunidades do municipio de Sibinal-Quetzaltenango. Guatemala	178.989,00	145.627,00	38.375,80	19.875,00	58.250,80	74.252,20	13.124,00	87.376,20





Nº expte. PR803D	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Orzamento total	Subvención concedida						
				Subvención concedida total	Anualidade 2020			Anualidade 2021		
					Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2020	Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2021
2020/18	Enxeñería sen Fronteiras agrupada coa Universidade da Coruña (Centro de Estudos de Xénero Feminimos)	Mellora do acceso equitativo de mulleres e mozos a recursos económicos do Sur de Honduras. Fase 2, Proxecto de mellora de capacidades de organizacións e municipios	250.552,84	225.000,00	89.896,33	103,67	90.000,00	120.000,00	15.000,00	135.000,00
2020/43	Solidariedade Internacional de Galicia agrupada con Sólida e con Solidariedade Galega	Contribuíndo ás capacidades locais para unha saúde integral a través dun enfoque baseado en contornos saudables nas 17 comunidades atendidas polo CIS de San Francisco, San Marcos de Colón. Honduras	205.590,11	173.899,78	56.554,93	13.004,98	69.559,91	84.832,39	19.507,48	104.339,87
2020/4	Fundación Vicente Ferrer	Mellorado o acceso ao dereito á SSR para 56,500 mulleres e adolescentes das áreas rurais da rexión de Kalyandurg, a través da mellora da calidade e as capacidades dos servizos sanitarios de uso público, de mellores prácticas de saúde de autocoidado e da sensibilización das propias mulleres e da sociedade civil. (Fase I). India	320.940,93	175.000,00	53.322,30	16.677,70	70.000,00	81.751,54	23.248,46	105.000,00
2020/32	Médicos del Mundo	Mellora das capacidades dos servizos de saúde sexual e reprodutiva na Gobernación de Jericó para detectar e abordar os casos de violencia baseada no xénero, incluíndo a perspectiva psicosocial. Palestina	184.349,50	174.999,50	53.199,80	16.800,00	69.999,80	96.999,70	8.000,00	104.999,70
TOTAL			5.407.316,51	4.138.851,40	1.366.069,44	361.465,30	1.727.534,74	2.064.768,44	346.548,22	2.411.316,66





## ANEXO II

## Axudas para proxectos de cooperación no exterior doutros axentes de cooperación

Nº expte.	Entidade solicitante	Denominación do proxecto	Orzamento total	Subvención concedida total						
				Subvención concedida total	Anualidade 2020			Anualidade 2021		
					Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2020	Capítulo IV	Capítulo VII	Total 2021
2020/3	Fundación Galicia Innova	Programa de empoderamento de agricultores familiares campesiños para o desenvolvemento económico local, con especial énfase nas mulleres e a xestión sostible na Reserva Ecolóxica Mache Chindul. Esmeraldas, Ecuador. PROAFC	212.820,00	170.000,00	52.220,73	15.779,27	68.000,00	93.021,08	8.978,92	102.000,00
2020/13	Icarto, Innovación, Cooperación, Cartografía e Territorio, S.L.	Fortalecemento das capacidades técnicas da Dirección Nacional de Gestão de Recursos Hídricos e das administracións rexionais de auga no ámbito dos SIX, da hidroxeoloxía e hidroloxía. Fase VII. Mozambique	199.308,00	165.463,00	66.185,20	0,00	66.185,20	96.492,80	2.785,00	99.277,80
TOTAL			412.128,00	335.463,00	118.405,93	15.779,27	134.185,20	189.513,88	11.763,92	201.277,80